



SOLICITUDE DE LICENZA - ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS, SEN OBRA (LI-6)

Descrición

Atendendo a concorrencia de razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública e protección do medio ambiente, será precisa a obtención de licenza municipal para os supostos previstos no artigo 41 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Requisitos de iniciación

Nos supostos previstos na normativa vixente, con anterioridade á apertura do establecemento aberto ao público, o/a seu/súa titular deberá presentar a solicitude de licenza dirixida ao concello, xunto coa documentación mínima requirida.

Documentación Obrigatoria

- Autoliquidación de taxa: Autoliquidación da taxa pola tramitación administrativa
- Xustificación do pagamento da taxa: Recibo de pagamento da Tesourería Municipal ou xustificante de ingreso en conta.
- Reportaxe fotográfica: Reportaxe fotográfica, incluídas fotografías da totalidade de fachada e do interior do local, subscrita pola persoa solicitante.
- Memoria da actividade, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos, asinada por un técnico competente: incluírá a descrición detallada das características da actividade e das características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, expresada en C.V. para as máquinas con motor e en kW para o resto, así como as medidas correctoras que cómpre aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas. Xustificárase que o local é apto para o novo uso consonte a normativa aplicable e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido. Deberanse incluír planos de situación e localización do local no que se pretende a actividade, así como planos acoutados de planta, alzado e sección do local, con indicación do uso das diferentes dependencias, a maquinaria, a situación das saídas, comunicacións etc., e as instalacións de protección contra incendios.
- Declaración da contratación do seguro de responsabilidade civil exixido: Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.

Documentación segundo o caso

- Nos supostos do art. 41.1.a (aforo superior a 500 persoas), 41.1.c (espectáculos e actividades de carácter extraordinario) e 41.1.d (montaxe de instalacións) da lei 9/2013: plan de emerxencia, plan de autoprotección, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria, cando sexan exhibibles de acordo coa normativa aplicable e conforme os requisitos que esta dispoña, redactados de conformidade coa normativa vixente
- Nos supostos do art. 41.1.a (aforo superior a 500 persoas) da lei 9/2013: A documentación requirida pola normativa sobre rúidos, quecemento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento e das actividades que se van desenvolver nel.
- Nos supostos do art. 41.1.a (aforo superior a 500 persoas) da lei 9/2013: documento acreditativo da designación da persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do



proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do establecemento á licenza outorgada, en que debe constar o nome, o enderezo e a titulación e habilitación profesional da persoa designada.

- No caso de actividades en edificacións: informe acústico elaborado a partir de medicións no local, ou ben declaración responsable de que a actividade non superará, en calquera horario, os 75dB.
- Acreditación da representación: Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañará ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Nos casos de persoas xurídicas, documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou a acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- Autorizacións e informes sectoriais: Autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- Nos casos de presentar documentación técnica sen visar: declaración responsable (ou certificado colexial) do/a técnico/a competente na que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade.
- Se a actividade está suxeita a incidencia ambiental: declaración de incidencia ambiental, copia do proxecto de obra e actividade e certificación do/a técnico/a ou dos/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

Observacións

Atendendo a concorrencia de razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública e protección do medio ambiente, será precisa a obtención de licenza municipal ou autorización autonómica para:

- A apertura de establecementos abertos ao público cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento aberto ao público.
- A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario, sempre que requiran de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial aplicable.
- A montaxe de instalacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que deban dispoñer de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial aplicable.
- A celebración dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma, conforme o procedemento que regulamentariamente se estableza.
- A celebración dos espectáculos e festexos taurinos, que se rexerán pola súa normativa específica.
- A apertura de establecementos abertos ao público e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica exixa a concesión de licenza ou autorización.